



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 5381/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

De acordo co previsto nas Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2024-1762 de data 22/10/2024 para a selección e posterior contratación polo Concello de de tres persoas técnicas superiores universitarias cos requisitos de titulación de Grao en *Dirección e xestión pública* ou Grao en *Ciencias xurídicas das administracións públicas* co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitar a súa inserción no mercado laboral ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 27/09/2024, expte. 2024047440 (BOPPO núm. 193 do 03/10/24), dentro da tramitación do programa da Deputación Provincial de Pontevedra “+Emprega nos concellos”, ao remate do proceso selectivo en data 30/10/2024 o tribunal de selección formalizou a súa proposta de contratación.

O 30/10/2024 dúas das aspirantes formalizaron a súa renuncia e finalmente o aspirante restante renunciou o 31/10/2024 resultando que a totalidade de aspirantes propostos para a contratación polo tribunal e únicos aspirantes admitidos ao proceso selectivo decaeron por tanto no seu dereito e procede declarar deserto o proceso de selección.

Visto o que antecede, de acordo coas competencias que lle outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente, en particular o disposto no artigo 21.1. h. procede adoptar a seguinte

RESOLUCIÓN

****PRIMEIRO:**** Tomar coñecemento das renuncias presentadas e declarar deserto o proceso selectivo convocado por Decreto da Alcaldía núm. 2024-1762 de data 22/10/2024 para a selección e posterior contratación polo Concello de de tres persoas técnicas superiores universitarias.

SEGUNDO: Publicar a presente resolución xunto cos recursos procedentes.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:





Concello de Cangas

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9K77FEI9TYP9YRZTS4ADRLL62
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

